

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DO CORGO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE ACCESO A CAMBEIRO

En Santiago de Compostela, o 4 de agosto de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facultado para a formalización deste convenio polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, José Antonio Ferreiro González, alcalde do Concello do Corgo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,


EXPOÑEN

PRIMEIRO. As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SEGUNDO. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscrición de convenios.

TERCEIRO. O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúelle a este departamento, a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de Administración Local atribuíndolle, entre outras, as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas Entidades Locais.

CUARTO. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.



Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia busca garantir un equilibrio no territorio galego entre o medio rural e urbano, o interior e a costa que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados, converténdoo en motores do desenvolvemento económico rexional.

Neste sentido o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR) 2007-2013 fixa como obxectivo a mellora das condicións de vida das persoas residentes nas áreas rurais. Para iso é necesario, por unha parte, mellorar as dotacións existentes de infraestruturas básicas e por outra levar a cabo actuacións dirixidas a fomentar a implantación e a mellora dos servizos básicos demandados pola poboación rural. Este obxectivo recóllese en concreto no eixo 3, Mellora da calidade de vida das zonas rurais, diversificación da economía rural, medida 3.2.1 Servizos básicos para a economía e a poboación rural, submedida 321.33, do indicado Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013.

Por esta razón, a Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, pretende colaborar cos concellos apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais básicos.

QUINTO. O Concello do Corgo expuxo a necesidade de acometer o proxecto denominado Afirmado e pavimentación dos camiños de acceso a Cambeiro.

Pola súa banda, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos nosos concellos para a mellora da calidade de vida rural. A Xunta de Galicia presta así un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias do Concello do Corgo que veñen incidir nun contexto orzamentario fortemente restritivo do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do concello para afrontar os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.

SEXTO. Para dar cumprimento ao disposto no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regulou, por medio da orde do 22 de decembro de 2014, a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais (DOG núm. 245, do 23 de decembro), modificada para ampliar a súa dotación económica pola orde do 27 de abril de 2015 (DOG núm. 79, do 28 de abril).

Esta liña de subvencións financiouse nun ~~75%~~ con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e o 25% con cargo a fondos propios da Comunidade Autónoma, Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) e transferencias finalistas do Estado. Estes fondos Feader están incluídos no devandito Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, no eixo 3, Mellora da calidade de vida das zonas rurais, diversificación da economía rural, medida 3.2.1 Servizos básicos para a economía e a



poboación rural, submedida 321.33, que ten como fin, entre outros, as axudas para a creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos vinculados á prestación de servizos básicos.

A convocatoria, instrución e resolución do procedemento iniciado pola antedita Orde, finalizou coa concesión de axudas a todos os concellos solicitantes que cumprían os requisitos esixidos polas bases reguladoras resultando un saldo de crédito, axeitado e suficiente para a aplicación eficaz na eliminación das carencias nas infraestruturas de uso público sobre as que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, converxendo coa conxuntura descrita e co obxectivo da actuación para acreditar a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención.

SÉTIMO. O concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVO. A achega económica da Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2, código de proxecto 2015.00161, que se financia nun 75% con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e nun 25% con cargo a fondos propios da Comunidade Autónoma e transferencias finalistas do Estado. Estes fondos Feader están incluídos no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013.

NOVENO. Co fin de materializar a cooperación antes descrita, e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, acorda subscribir o presente convenio de cooperación co Concello do Corgo para a execución do proxecto denominado "Afirmado e pavimentación dos camiños de acceso a Cambeiro", de conformidade coas seguintes


CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto



O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello do Corgo para a execución do proxecto denominado "Afirmado e pavimentación dos camiños de acceso a Cambeiro", cun orzamento elixible total de 46.280,98 € (IVE excluído), segundo anteprojecto elaborado polo técnico competente en xullo de 2015, cuxo orzamento se xunta como anexo I a este convenio e do cal forma parte.

SEGUNDA. Obrigas do Concello.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello do Corgo:



1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos e executar a totalidade do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como o cumprimento da finalidade da subvención, a realización do proxecto completo e o seu custo real.
4. Realizar o proceso de tramitación e adxudicación da contratación conforme coas prescricións contidas na lexislación sobre contratación administrativa das entidades locais e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas. Sen prexuízo do establecido no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 9.c) e 10.e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, en todo caso a entidade beneficiaria deberá solicitar e obter un mínimo de tres ofertas para o contrato, ou de ser o caso, contratos, que deriven da execución das actuacións subvencionadas. Será a entidade beneficiaria contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
5. Proceder ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, e de conformidade co previsto no artigo 7 do Regulamento (UE) núm. 809/2014, do 17 de xullo, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión. Sen prexuízo doutros supostos, considerarase incumprimento das condicións establecidas para a concesión a xustificación de conceptos e elementos que representen menos do 60% do orzamento dalgunha das actuacións subvencionables.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a execución e o pagamento das actuacións subvencionadas.
 - c. Incumprimento da obriga de solicitar e obter as tres ofertas esixidas con base na cláusula quinta deste convenio e/ou polo artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non achegalas xunto coa xustificación da subvención e/ou a falta ou insuficiente acreditación de que a elección recaeu na oferta economicamente máis vantaxosa.
 - d. Incumprimento da obriga de destinar os bens ao fin concreto para o que se concede esta subvención durante un período mínimo de cinco anos
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
 - f. Nos supostos establecidos no artigo 33 da devandita Lei de subvencións de Galicia ou calquera outro que resulte da normativa aplicable.



6. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede esta subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación importante que
 - a. afecte a natureza do investimento ou ás súas condicións de execución ou que proporcione unha vantaxe indebida a unha empresa ou a un organismo público e
 - b. que resulte, ben dun cambio na natureza do réxime de propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
8. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
9. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nomeadamente, a aceptación da axuda supón a súa publicación nunha lista pública de beneficiarios.
10. Cumprir as obrigas de información e publicidade comunitaria establecidas no anexo IV do Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) núm. 1698/2005 do Consello relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), que incluírán en todo caso:
 - Colocación dun cartel publicitario, durante a execución do proxecto subvencionado.
 - Instalación dunha placa explicativa permanente ao remate do proxecto.De acordo co anexo citado, todas as medidas de información e publicidade establecidas, incluírán os seguintes elementos:
 - a) A bandeira europea
 - b) Referencia ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).
 - c) Declaración do fondo: «Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: inviste nas zonas rurais».

Asemade incluírán unha referencia á participación do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no cofinanciamento das actuacións subvencionadas,



mediante a inclusión do logotipo deste organismo no cartel e na placa explicativa permanente.

As obrigas de publicidade deberanse cumprir en todas e cada unha das actuacións realizadas, polo que o concello beneficiario procederá á colocación, en todos os lugares en que as actuacións se desenvolvan, dos respectivos carteis informativos durante a execución e de placa explicativa permanente, cos elementos indicados.

Para este fin, utilizarase o modelo de cartel informativo e de e placa explicativa incorporado como anexo II a este convenio.

- Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponde á Intervención Xeral da comunidade autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás verificacións previstas no Regulamento (UE) núm. 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, ás medidas de desenvolvemento rural e á condicionalidade, e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



De conformidade cos artigos 48 a 52 do Regulamento (UE) núm. 809/2014, entre estas actuacións de comprobación efectuaranse controis administrativos de todas as solicitudes de axuda, solicitudes de pagamento e outras declaracións que deben presentar a entidade beneficiaria ou terceiros, controis sobre o terreo e controis a posteriori. Estes controis cubrirán todos os elementos que poidan verificarse por medios administrativos e para os que estes controis sexan adecuados. Os procedementos empregados permitirán rexistrar os controis efectuados, os resultados das comprobacións e as medidas adoptadas en caso de discrepancias.

Os controis sobre o terreo e os controis a posteriori serán realizados por persoal técnico dos Departamentos Territoriais da Xunta de Galicia e de cada control quedará constancia nun acta emitida para o efecto.

- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro deste convenio, e deberá conservar a documentación xustificativa dos devanditos investimentos por un período de cinco anos a partir do peche do Programa Operativo, de acordo co disposto no Regulamento (CE) núm. 1698/2005 do Consello relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

TERCEIRA. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de cooperación, mediante a achega máxima de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 (CP 2015 00161). Esta cantidade representa o 43,21% do orzamento elixible total do proxecto





que constitúe o obxecto deste convenio.

A subvención finánciase nun 75% con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e nun 25% con cargo a fondos propios da Comunidade Autónoma, FCI e transferencias finalistas do Estado. Estes fondos Feader están incluídos no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 obxectivo eixo 3, Mellora da calidade de vida das zonas rurais, diversificación da economía rural, medida 3.2.1 Servizos básicos para a economía e a poboación rural, submedida 321.33, que ten como fin, entre outros, as axudas para a creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos vinculados á prestación de servizos básicos.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

En todo caso, para a determinación das reducións e exclusións aplicarase o establecido no artigo 63 do Regulamento (UE) núm. 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

CUARTA. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorra o concello para a execución do proxecto obxecto do convenio, respectando o previsto no artigo 55 do Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) núm. 1698/2005 do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e cumprir os requisitos do Real Decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e demais normativa de aplicación. En ningún caso se financiará o IVE.

Se ben o proxecto deberá ser iniciado con posterioridade á data de sinatura do convenio, consideraranse subvencionables os gastos realizados con anterioridade, pero sempre dentro da anualidade orzamentaria, a título de adquisición de máquinas, aparellos ou materiais de construción, sempre que a montaxe, instalación ou incorporación in situ non tivese lugar antes da dita data, así como os gastos correspondentes a honorarios de redacción de proxectos e estudos de viabilidade.

Con carácter xeral, consideraranse gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na cláusula sexta.

QUINTA. Contratación.

Para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio o Concello do Corgo poderá subcontratar parcial ou totalmente a actividade ou investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza.

En todo caso a entidade beneficiaria debera obter como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación e achegalas xunto coa documentación xustificativa da subvención. Tamén deberá achegar a resolución de adxudicación na cal se xustifique a elección entre as ofertas presentadas que, con carácter xeral, recaerá na proposta económica máis vantaxosa. No suposto de non recaer a adxudicación na proposta económica máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria na que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

As empresas convidadas non poderán estar vinculadas entre elas. Esta vinculación apreciarase nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público. Así mesmo, non serán invitadas empresas que actúen baixo unidade de decisión ou unha dirección única, en particular, cando a maioría dos membros do órgano de administración da sociedade dominada sexan membros do órgano de administración ou altos directivos da sociedade dominante ou doutra dominada por esta.

As empresas invitadas a presentar ofertas exixiráselles sempre unha declaración das empresas coas cales teñan vinculación, nos termos establecidos no punto anterior.



En todo o proceso de licitación e de execución das actuacións levadas a cabo pola entidade beneficiaria deberá facerse constar que as actuacións contan co cofinanciamento da Unión Europea, Fondos Feader, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza/Dirección Xeral de Administración Local). No cumprimento desta obriga, o concello coidará especialmente de que en toda a documentación relacionada coa execución do proxecto subvencionado se utilicen as medidas de información e publicidade indicadas.


SEXTA. Conta xustificativa

Para percibir o importe que corresponda da subvención, e en todo caso para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello do Corgo deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Factura orixinal e certificación de obra con relación valorada e tramitada conforme o procedemento que rexe para a Administración local.
- b) Declaración responsable asinada polo representante do concello, en que se faga constar:
 1. O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións que integran o proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
 2. Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que concello





se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

3. Asemade, incluirá a seguinte información:

- Prezos do/s cartel/carteis informativo/s e da/s placa/s explicativa/s así como a data de colocación de cada un destes elementos.
- Infraestruturas e equipamentos creados e/ou mellorados (núm.) coa execución do proxecto subvencionado
- Superficie de espazos públicos mellorados (m²) coa execución do proxecto subvencionado

c) Certificación emitida polo/a secretario/a da entidade local beneficiaria na cal se faga constar:


1. O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario das facturas e, no caso de obras, da correspondente certificación de obra, no que conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
2. Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade do gasto correspondente á execución do proxecto subvencionado.
3. Ter cumprido o estipulado no Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) núm. 1698/2005 do Consello relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), sobre publicidade de fondos Feader e que nos documentos que forman parte do expediente se fixo constar que as actuacións contan co financiamento da Unión Europea, fondos Feader.

d) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio deberán achegar ademais:

- Fotografías, en soporte dixital ou papel, do lugar ou lugares onde se teñan efectuado as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución a que correspondan.
- Fotografías, en soporte dixital ou papel, do cartel ou carteis das actuacións, nos que se aprecie a publicidade do cofinanciamento das actuacións con fondos Feader (75% da subvención).
- Fotografías, en soporte dixital ou papel, da placa ou placas explicativas permanentes, coa publicidade sobre o financiamento das actuacións, colocada nun lugar visible no lugar das actuacións, que deberá permanecer durante, cando menos, cinco anos.

e) Asemade en cumprimento do establecido na cláusula quinta, a entidade beneficiaria deberá achegar:


- a) As tres ofertas que debe solicitar e obter.



- b) Copia compulsada da resolución de adxudicación da obra ou equipamento, onde quede acreditado que a elección entre as ofertas recaeu na proposta económica máis vantaxosa.
- c) Declaración das empresas invitadas sobre aquelas outras coas cales teñan vinculación.
- f) Xustificante do pagamento da totalidade das actuacións que integran o proxecto subvencionado, mediante xustificante da transferencia bancaria, que deberá estar debidamente identificada e selada pola entidade bancaria e asinado pola persoa representante da entidade beneficiaria da subvención.
- g) Acta de recepción das obras ou equipamentos.
- h) Certificado do/a secretario/a do concello beneficiario no que se faga constar que na tramitación e contratación das obras e equipamentos cumpriuse a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.
- i) No suposto de que o orzamento de licitación supere os límites sinalados para os contratos menores polo artigo 138.3 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, presentárase copia compulsada do expediente de contratación.

A data límite para executar o proxecto subvencionado e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 20 de outubro de 2015.

SÉTIMA. Acta de comprobación e pagamento



Con independencia das actuacións de comprobación indicadas no punto 11 da cláusula segunda deste convenio, con carácter previo á proposta de pagamento, o Departamento Territorial da Xunta de Galicia realizará unha visita ao lugar da operación obxecto de axuda ou á situación do investimento para a súa comprobación material. Desta visita de comprobación quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada por un representante da Xunta de Galicia e por un representante da entidade beneficiaria.

Á vista da documentación xustificativa e da acta de comprobación, a Dirección Xeral de Administración Local, que será o órgano instructor deste procedemento, emitirá, de ser o caso, unha certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario, e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención na contía que corresponda.

OITAVA. Perda do dereito ao cobramento da subvención

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou concurrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:

- a) Non presentar toda a documentación xustificativa en tempo e forma, de conformidade co previsto na cláusula sexta deste convenio

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos, considerarase incumprimento das condicións establecidas para a concesión as seguintes:

- Non executar o proxecto completo obxecto deste convenio. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando a baixa sobre o orzamento inicial implique unha execución deste orzamento inferior ao 60%.
- Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio, nomeadamente a obriga de colocar cartel e placa informativa permanente en todos os lugares en que se executen as actuacións que integran o proxecto subvencionado e/ou non achegar as fotografías que acrediten o cumprimento destas obrigas cos requisitos establecidos para a súa presentación na cláusula sexta do convenio.
- Non solicitar e/ou non obter o mínimo de 3 ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación.
- A falta ou insuficiente acreditación de que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios de eficiencia e economía e que recaeu na oferta económica máis vantaxosa.
- O incumprimento da obriga de acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación, nos termos establecidos na cláusula quinta.

A perda do dereito ao cobramento será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunha das actuacións que integran o proxecto.



NOVENA. Reintegros


No caso de incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 da devandita lei, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal e de conformidade co previsto no artigo 7 do Regulamento (UE) núm. 809/2014, do 17 de xullo de 2014.

DÉCIMA. Compatibilidade con outras subvencións

O importe da subvención non poderá ser, en ningún caso, de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do proxecto que debe executar a entidade beneficiaria.

As axudas que se concedan poden acumularse con outras axudas compatibles.

Estas axudas non son acumulables con outras procedentes do Feader nin poderán acumularse con outras axudas procedentes doutros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios.





DÉCIMO PRIMEIRA. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

DÉCIMO SEGUNDA. Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Dirección Xeral de Administración Local e un representante do concello.

A Comisión Mixta poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Coordinación das funcións de ambas as dúas administracións
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

DÉCIMO TERCEIRA. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute ou xustifique o investimento obxecto da subvención nos termos establecidos neste convenio.

DÉCIMO CUARTA. Vixencia do Convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula quinta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2015.

DÉCIMO QUINTA. Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEXTA. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.


Igualmente é de aplicación o Real Decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de



desenvolvemento rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), o Regulamento (CE) núm. 1698/2005 do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), o Regulamento (CE) núm. 1974/2006 da Comisión, polo que se establecen disposicións de aplicación do antedito Regulamento (CE) 1698/2005 e o Regulamento (UE) núm. 809/2014, da Comisión, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza



A circular stamp of the Vice President and Councilor of the Presidency, Public Administration and Justice of Galicia. The stamp contains the text: "VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, AA, PP e XUSTIZA" and "XUNTA DE GALICIA".

Alfonso Rueda Valenzuela

O alcalde do Concello do Corgo



A circular stamp of the Municipality of Corgo. The stamp contains the text: "CONCELLO DO CORGO (LUGO)".


José Antonio Ferreiro González

ANEXO I. ORZAMENTO


PRESUPUESTO

Capítulo	Importe
Capítulo 1 EXPLANADA Y OBRAS DE FABRICA	2.926,74
Capítulo 2 FIRME	5.008,32
Capítulo 3 PAVIMENTO	29.193,50
Capítulo 4 SEÑALIZACION HORIZONTAL Y VERTICAL	1.259,80
Capítulo 5 GESTION DE RESIDUOS	95,29
Capítulo 6 CARTEL DE OBRA	236,53
Capítulo 7 P.A. SEGURIDAD Y SALUD. IMPREVISTOS Y TERMINACION DE OBRA	171,00
Presupuesto de Ejecución Material	38.891,58
13% de Gastos Generales	5.055,91
6% de Beneficio Industrial	2.333,49
Suma	46.280,98
21% IVA	9.719,02
Presupuesto de Ejecución por Contrata	56.000,00

Ascende el Presupuesto de Ejecución por Contrata a la expresada cantidad de CINCUENTA Y SEIS MIL EUROS.



**ANEXO II. MODELO DE CARTEL INFORMATIVO E PLACA EXPLICATIVA
PERMANENTE**



FEADER: Europa inviste no rural

**ESPACIO PARA INSERIR A DENOMINACIÓN DO PROXECTO
SUBVENCIONADO**

**Medida 3.2.1. Servizos básicos para a economía e a poboación rural
Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013**

